Concello de **OURENSE**

***Incorporación de Remanentes 9-R/21 (27/21)***
***Expte CIVIDAS nº 2021032392***
***IR – 9R/2021***

**DECRETO DA ALCALDÍA, Ourense, na data da sinatura electrónica**

Visto o **informe proposta elaborado polo titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria** (ref.: JFC/134/2021), do 10/08/2021, refrendado pola Sra. Concelleira delegada de Facenda, na mesma data, e polo Sr. Alcalde coma responsable da area de gasto de Cultura, en relación co expediente de modificación orzamentaria, utilizando a figura da **"Incorporación de Remanentes".**

Visto o **informe emitido pola Intervención Municipal** (ref.: 9R-21), o 23/08/2021, no que se conclúe: "*A proposta de resolución remitida fiscalízase de disconformidade por mor de vulnerar o artigo 182 do TRLRFL, en concordancia co disposto no artigo 47.4 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, no que se refire á necesidade de aplicar os remanentes incorporados dentro do exercicio económico no que a incorporación foi efectiva, sen que resulten novamente incorporables os remanentes previamente incorporados ao exercicio do 2020 cando non deriven de gastos que conten cun financiamento afectado* ".

Visto que **no informe do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria citado no parágrafo primeiro xa se indicaba que:** "*No expediente actual 9-R/21 se inclúen, a petición da Concellería de Cultura, remanentes incorporables, que amparan os compromisos de gasto a que fai referencia o apartado 2.b) do artigo 176 da Lei Reguladora de Facendas Locais, correspondentes aos Convenios asinados coa Agrupación Coral de Ruada e Cine Club Padre Feijoo.*

*Analizando a execución orzamentaria do exercicio 2020 observase que produciuse un erro na tramitación das operacións contables dos Convenios coa Coral de Ruada e con Cine Club Padre Feijoo toda vez que foron imputadas ás aplicacións orzamentarias de remanente "S", crédito procedente da incorporación 7R/2020, en vez de na correspondente aplicación orzamentaria do orzamento "N200.3340.48900 Subvencións nominativas" (aplicación orzamentaria que figura cun remanente non comprometido e non incorporable de 18.000,00 €) e, como consecuencia deste erro de tramitación, estes compromisos de gasto non aparecen como incorporables na liquidación do exercicio 2020 polo que non foron incluídos no expediente 6-R/21 (expediente 2021019084) no que xa se tramitou a incorporación de remanentes incorporables que amparan os compromisos de gasto a que fai referencia o apartado 2.b) do artigo 176 da Lei Reguladora de Facendas Locais.*

*Nas seguintes táboas ponse de manifesto a tramitación de ditos convenios no exercicio 2020:*

| RMTE | ORG | PROG | ECON | NUMERO OPERACIÓN | DATA | DESCRIPCION | IMPORTE OPERACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| S | 180 | 3340 | 48948 | 202000026023 REMV | 16/06/2020 | INCORPORACIÓN REMANENTES 7-R/20 | 6.000,00 € |

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003.
A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.
Verificación do documento mediante código CSV no sitio http://sede.ourense.gob.es
CÓDIGO CSV:DY0XB1WSIXNY6EXM

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *S* | *180* | *3340* | *48948* | *202000053560 RC* | *16/11/2020* | *CONVENIO CON CORAL DE RUADA 2020* | *6.000,00 €* |
| *S* | *180* | *3340* | *48948* | *202000063002 AD* | *07/12/2020* | *CONVENIO CON CORAL DE RUADA 2020* | *6.000,00 €* |

| ***RMTE*** | ***ORG*** | ***PROG*** | ***ECON*** | ***NUMERO OPERACIÓN*** | ***DATA*** | ***DESCRIPCION*** | ***IMPORTE OPERACIÓN*** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *S* | *180* | *3343* | *48900* | *202000026024 REMV* | *16/06/2020* | *INCORPORACIÓN REMANENTES 7-R/20* | *6.000,00 €* |
| *S* | *180* | *3343* | *48900* | *202000053558 RC* | *16/11/2020* | *CONVENIO CON CINE CLUB PADRE FEIJOO 2020* | *6.000,00 €* |
| *S* | *180* | *3343* | *48900* | *202000061397 AD* | *07/12/2020* | *CONVENIO CON CINE CLUB PADRE FEIJOO 2020* | *6.000,00 €* |

*Sen entrar en criterios de oportunidade nin de xestión da política orzamentaria, temos que manifestar, a vista do exposto, que a derradeira subvención aprobada, tanto no caso da Coral de Ruada como no do Cine Club Padre Feijoo, foi a correspondente ao ano 2017 (situación similar se produce non caso do Liceo Recreo Ourensano e no Ateneo de Ourense), aínda que tanto no ano 2018 coma 2019 foi dotado crédito orzamentario mediante modificacións dos respectivos orzamentos (tal e coma se pode ver na documentación contable que se inclúe no actual expediente)*".

En uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 182 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposición que a desenrolan, así como a base número 17 do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO:**

**1.- Aprobar o expediente de incorporación de remanentes de crédito número 9-R/21**, que incrementa os créditos do actual orzamento con remanentes de crédito producidos na execución do orzamento de 2020, financiados con recursos xerais, por un importe total de doce mil euros (12.000,00 €), de acordo co seguinte detalle:

**A) Remanente que se incorpora**

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003.
A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.
Verificación do documento mediante código CSV no sitio http://sede.ourense.gob.es
CÓDIGO CSV:DY0XB1WSIXNY6EXM

Concello de **OURENSE**

| REM | ORG | PROG | ECON | Denominación aplicación orzamentaria | Rmte a incorporar | Financiamento | Motivo incorp LRFL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| APLICACIÓN ORZAMENTARIA 2020 | | | | | | | |
| APLICACIÓN ORZAMENTARIA 2021 | | | | | | | |
| | 180 | 3340 | 48948 | Convenio Coral de Ruada | 6.000,00 € | 87000 | 182.b) |
| S | 180 | 3340 | 48900 | Subvencións nominativas cultura | | | |
| | 180 | 3343 | 48900 | Convenio con Cine Club Padre Feijoo | 6.000,00 € | 87000 | 182.b) |
| S | 180 | 3340 | 48900 | Subvencións nominativas cultura | | | |
| | | | | **Importe total** | **12.000,00 €** | | |

B) Recursos que financian a incorporación

***Resumen fontes financiamento***

| ***Concepto de ingresos*** | ***Importe*** |
|---|---|
| Remanente de Tesourería para gastos xerais (87000) | 12.000,00 € |
| **Total recursos financeiros dispoñibles** | **12.000,00 €** |

2.- Contabilizar no exercicio contable 2021 o compromiso de gasto (identificado polo correspondente número de operación) a favor dos terceiros xunto coa correspondente fase previa de autorización de gasto, adquirido no exercicio 2020 (fases A e D contables), polos importes e nas aplicacións orzamentarias que se recollen de seguido, para así continuar a tramitación dos expedientes de gasto que estes amparan:

| ORG | PROG | ECON | NUMERO OPERACIÓN | DATA | DESCRIPCION | TERCEIRO | IMPORTE OPERACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003.
A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.
Verificación do documento mediante código CSV no sitio http://sede.ourense.gob.es
CÓDIGO CSV:DY0XB1WSIXNY6EXM

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 180 | 3340 | 48900 | 202000063002 | 07/12/2020 | Convenio de colaboración con Coral de Ruada 2020 | G32021057<br>Coral de Ruada | 6.000,00 € |
| 180 | 3340 | 48900 | 202000061397 | 02/12/2020 | Convenio de colaboración Cine Club Padre Feijoo 2020 | G32008591<br>Cine Club Padre Feijoo | 6.000,00 € |

3.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos e a Concellería delegada de Cultura afectada pola incorporación aquí aprobada aos efectos do seu coñecemento.

O manda e asina o Excmo. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.

Asinado por: SILVIA ALONSO FERNÁNDEZ - 34955380A
Cargo Oficial Maior
Data Sinatura: 28/09/2021 11:01:50
Decreto nº 2021007253

Asinado por: GONZALO PÉREZ JÁCOME - 34960446D
Cargo Alcalde-Presidente
Data Sinatura: 28/09/2021 10:59:22

Asinado por: JULIO FONTAIÑA COUSO - 35321956M
Cargo Xefe do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria
Data Sinatura: 24/09/2021 10:36:23

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003.
A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.
Verificación do documento mediante código CSV no sitio http://sede.ourense.gob.es
CÓDIGO CSV:DY0XB1WSIXNY6EXM